



Galicia

Comisión Executiva

UGT é membro fundador de CES e DE CSI

Comunicado de Prensa

*Neste 12 de agosto, Día internacional da Xuventude, UGT-Galicia reclama medidas específicas para paliar as grandes carencias do mercado laboral xuvenil galego, que xa existían e que se agravaron por mor da COVID-19*

## **A pandemia deixa aínda máis tocado o mercado laboral xuvenil galego**

*7.300 mozas e mozos desempregados máis, unha perda de poboación activa de máis de 27.000 e 24.300 persoas inactivas máis*

*Santiago, 11 de agosto de 2020.- O conxunto do mercado laboral, xa con grandes eivas antes, está a verse afectado moi negativamente por mor das consecuencias da COVID-19. Pero no caso do mercado laboral xuvenil, no que as eivas eran máis profundas, a afectación por mor da pandemia está aínda a ser maior, cun volume moi alto de crecemento do desemprego entre as persoas máis mozas; perda de poboación activa que supera as 27.000 persoas e 24.300 inactivas e inactivos máis, segundo os datos da EPA do segundo trimestre de 2020. Por todo isto, UGT-Galicia, co gallo do Día internacional da Xuventude, que se celebrará mañá, insta ás administracións, tanto ó Goberno central como á Xunta a que poñan xa enriba da mesa as medidas necesarias para poñer a andar un mercado laboral en Galicia que ofrezca ás persoas máis novas oportunidades de emprego digno, estable e de calidade, que lles permita afrontar un proxecto de vida independente. Xa non hai lugar a máis dilacións. É certo que o mercado laboral en xeral, pero aínda máis o da xuventude, xa amosaba moitas carencias en Galicia antes da pandemia pero coa crise sanitaria estas eivas agudizáronse e deixan aos mozos e mozas galegas que están no mercado laboral e ás que queren acceder a el, nunha situación complexa que urxe resolver.*

***A caída da ocupación e da actividade non se traslada ás cifras de desemprego a causa do peche de empresas, dificultades de conciliación ou o confinamento***

Os datos están aí. Segundo a EPA do segundo trimestre de 2020 conséctase un aumento de persoas novas desempregadas no último ano de 7.300. A perda de poboación activa resulta alarmante, 27.100 mozos e mozas menos. O incremento da inactividade é de 24.300 persoas, por mor da pandemia e o confinamento, persoas que realmente poden ser desempregadas, xa que a caída da ocupación, 34.500, e da actividade, non se está reflectindo nos datos de desemprego a causa do peche de empresas, dificultades de conciliación ou o confinamento.

Se a pandemia afecta ó mercado laboral de forma contundente, no colectivo xuvenil é máis alarmante se cabe, xa que se constata como as porcentaxes de afectación son moito máis acusadas en calquera das variables analizadas.

***En Galicia hai 7.300 mozos e mozas desempregadas máis que no mesmo período do ano anterior***

Se comparamos a evolución da situación do desemprego entre os anos 2019 e 2020 pódese observar como se produce un importante aumento de persoas desempregadas menores de 35 anos en termos absolutos, 7.300.

Por tramos de idade, dentro do colectivo da xuventude, o que presenta un maior volume de persoas en situación de desemprego é o das mozas e mozos de 25 a 29 anos, 19.300; seguido do de 30 e 34 anos que conta con 15.900 persoas desempregadas.

***Aínda máis grave que a evolución do desemprego resulta a caída da actividade e o incremento da poboación inactiva***

Pero se ademais de analizar a poboación en situación de desemprego, se temos en conta a evolución da poboación activa obsérvase unha forte caída, 27.100 persoas menos entre as mozas e mozos nun ano. Polo que aínda máis que a afectación do desemprego, é moi alarmante a caída da actividade entre estas idades así como o incremento da poboación inactiva (24.300 persoas menos).

***Os mozos e mozas ocupadas baixaron en 34.500 no último ano. A ocupación cae entre as persoas menores de 35 anos nun 14,7%, fronte ó 4,4% do conxunto de idades***

No que respecta á poboación ocupada, hai en Galicia actualmente 199.700 persoas menores de 35 anos nesta situación, o que supón unha contracción con respecto a hai un ano de 34.500 persoas, chamando a atención o descenso de 13.600 no tramo de 25 a 29 anos.

A pandemia afectou fortemente á ocupación das persoas menores de 35 anos máis acusadamente que ao conxunto de idades, 4,4% de caída no total de idades e 14,7% nas persoas menores de 35 anos.

***A taxa de paro xuvenil é 8,7 puntos superior ó resto de idades, diferenza que hai un ano era de 4,7 puntos***

Moi preocupante é a taxa de paro xuvenil (menores de 35 anos) xa que se sitúa no 20,6% (e a menor idade maiores niveis presenta, chegando ó 47,9% entre os 16 e os 19 anos), dato que contrasta co 11,9% da taxa de paro de toda a poboación neste ano, sendo 8,7 puntos superior (no segundo trimestre do ano anterior o diferencial era moito menor, 4,7 puntos).

***En tan só un ano os mozos e mozas galegas perden 5,5 puntos de taxa de actividade. Detrás disto, ademais do efecto da pandemia e do envellecemento da poboación, hai un forte efecto desánimo da mocidade galega por falta de oportunidades***

Constátase unha contracción da taxa de actividade xuvenil en termos interanuais, ao pasar de 60,7% no 2019 IIT ao 55,1% no 2020 IIT, o que supón unha perda de 5,5 puntos na taxa de actividade das persoas menores de 35 anos en tan só un ano, fronte a un descenso do 2,1 no conxunto das idades.

A perda de actividade non só está motivada pola pandemia e o envellecemento da poboación, senón tamén polo efecto desánimo dos mozos e mozas vendo as poucas perspectivas de emprego existentes, polo que moitas veces deciden ou ben seguir formándose retomando os estudos ou optar pola emigración cara outros contextos con maiores oportunidades.

### ***Máis de 10.000 mozos e mozas galegas levan máis dun ano na procura de emprego***

Non se pode esquecer tampouco ás persoas paradas de longa duración, que levan máis dun ano na procura de emprego, coas dificultades que isto xera, sendo en Galicia 10.300 persoas mozas e mozos menores de 35 anos.

### ***Por sectores a expulsión do mercado laboral no sector servizos afectou á quinta parte das persoas novas que traballaban no mesmo, caracterizado pola temporalidade e, polo tanto, máis afectado pola crise***

Nos servizos, o sector de maior ocupación das persoas menores de 35 anos (69,7%), a expulsión foi enorme, de preto da quinta parte, o 19.4%.

O que se comproba é que o sector servizos amosou ter maior afectación pola temporalidade, expulsando en maior medida aos traballadores e traballadoras.

### ***Se analizamos a situación da xuventude traballadora segundo o tipo de xornada de traballo, obsérvase como o 19% en Galicia faino a tempo parcial, 5,7 puntos máis que no conxunto de idades. Entre os e as menores de 25 a parcialidade dispárase ao 32%.***

A xuventude sofre maiores taxas de parcialidade, estando o 19% do total de persoas ocupadas menores de 35 anos contratadas a tempo parcial, fronte ao 13,3% do conxunto de idades, o que supón 5,7 puntos de diferenza, e unha vez máis a menor tramo de idade dispáranse as taxas de parcialidade. Así, no tramo de idade das persoas menores de 25 anos a taxa de parcialidade na ocupación acada o 32%.

### ***O 54,9% das persoas novas que teñen un contrato a tempo parcial responden que teñen este tipo de contrato porque non atopan un emprego a xornada completa***

Se lle preguntamos ás mozas e mozos con contrato a tempo parcial o motivo de ter este tipo de contrato, vemos como nas persoas novas o 54,9% responden que porque non atopan un traballo a xornada completa, o que unha vez máis constata as dificultades da xuventude para poder acceder a un mercado laboral de calidade.

***A temporalidade afecta ó 43% das persoas asalariadas menores de 35 anos (21 puntos máis que no conxunto das idades). Isto está detrás tamén da maior afectación deste sector da poboación pola crise da COVID-19***

Nesta mesma liña está a temporalidade que é un desequilibrio básico do noso mercado de traballo, xa que a maioría da xuventude para acceder ao emprego o fai por medio da contratación temporal, sendo alarmante que estea completamente asumido pola sociedade que isto sexa o normal. A pandemia expulsou a un gran número de persoas empregadas con contrato temporal, e aínda así as porcentaxes de temporalidade non son asumibles.

O 43% das persoas asalariadas menores de 35 anos teñen un contrato temporal, cando no total de idades esta porcentaxe é do 22%, xa de por si moi elevada. Isto, en parte, explica a maior afectación da xuventude nesta situación de crise motivada pola COVID-19, porque foi o emprego temporal o máis afectado.

***Ademais da temporalidade, o 34% dos contratos das persoas novas teñen unha duración inferior a un ano***

O 34% dos contratos das persoas novas teñen unha duración inferior a un ano, e tan só o 4% manifesta ter un contrato dunha duración superior aos tres anos, o que pon de manifesto as dificultades para atopar un traballo estable. Chama atención a cantidade de mozas e mozas que nin sequera saben a duración do seu contrato.

***Como resultado de todo o analizado as mozas e mozos perciben salarios moi inferiores á media do conxunto das idades***

Ao final todas estas variables tradúcense en precariedade laboral e en salarios máis baixos. As persoas menores de 25 anos perciben de media ao ano un salario de 12.417,98 euros, fronte aos 24.009,12 euros que perciben o conxunto das idades, o que supón unha diferenza de 11.590,14 euros e da lugar a unha brecha salarial do 48,27%. As persoas de entre 25 e 34 anos cobran ao ano de media 19.350,14 euros, 4.658,98 euros menos que o conxunto das idades, cunha brecha salarial do 19,4%.

Por todo isto, UGT-Galicia denuncia que o alto nivel de desemprego e a mala calidade do emprego son os principais trazos que definen a precariedade laboral da xuventude, que se agudizou aínda máis con esta crise. As políticas de emprego que se viñeron desenvolvendo foron deficientes e non conseguiron revertir un mercado laboral xa mancado que está a afrontar como moitas dificultades esta nova crise por mor da COVID-19, aínda máis entre as mozas e mozos.

Ante esta situación UGT-Galicia insta á Xunta a que articule medidas de choque no contexto do mercado laboral xuvenil que palién a actual situación pero que vaian máis aló para crear un mercado laboral para os mozos e mozas galegas estable, digno e con dereitos.

## ESTATÍSTICAS

Poboación	Total idades	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 16 a 34
<b>PARADA</b>						
2019 II T	140.400	3.900	10.900	15.400	14.400	44.600
2020 II T	142.500	3.400	13.300	19.300	15.900	51.900
Diferenza	2.100	(500)	2.400	3.900	1.500	7.300
Var. %	1,5	-12,8	22,0	25,3	10,4	16,4
<b>ACTIVA</b>						
2019 II T	1.239.100	9.100	46.300	98.800	124.600	278.800
2020 II T	1.192.900	7.100	41.500	89.300	113.800	251.700
Diferenza	(46.200)	(2.000)	(4.800)	(9.500)	(10.800)	(27.100)
Var. %	-3,7	-22,0	-10,4	-9,6	-8,7	-9,7
<b>OCUPADA</b>						
2019 II T	1.098.800	5.200	35.300	83.500	110.200	234.200
2020 II T	1.050.400	3.700	28.200	69.900	97.900	199.700
Diferenza	(48.400)	(1.500)	(7.100)	(13.600)	(12.300)	(34.500)

<b>Var. %</b>	-4,4	-28,8	-20,1	-16,3	-11,2	-14,7
<b>INACTIVA</b>						
<b>2019 II T</b>	1.095.200	78.100	61.600	23.600	17.400	180.700
<b>2020 II T</b>	1.145.900	81.900	67.700	31.200	24.200	205.000
<b>Diferenza</b>	50.700	3.800	6.100	7.600	6.800	24.300
<b>Var. %</b>	4,6	4,9	9,9	32,2	39,1	13,4

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. I.G.E.- Instituto Galego de Estatística

<b>Taxas</b>	<b>Total idades</b>	<b>De 16 a 19</b>	<b>De 20 a 24</b>	<b>De 25 a 29</b>	<b>De 30 a 34</b>	<b>De 16 a 34</b>
<b>PARO</b>						
<b>2019 IIT</b>	11,3	42,9	23,5	15,6	11,6	16,0
<b>2020 II T</b>	11,9	47,9	32,0	21,6	14,0	20,6
<b>Diferenza</b>	0,6	5,0	8,5	6,0	2,4	4,6
<b>ACTIVIDADE</b>						
<b>2019 IIT</b>	53,1	10,4	42,9	80,7	87,7	60,7
<b>2020 II T</b>	51,0	8,0	38,0	74,2	82,5	55,1
<b>DIFERENZA</b>	-2,1	-2,4	-4,9	-6,5	-5,3	-5,5
<b>OCUPACIÓN</b>						
<b>2019 IIT</b>	47,1	6,0	32,7	68,2	77,6	51,0
<b>2020 II T</b>	44,9	4,2	25,8	58,1	70,9	43,7
<b>DIFERENZA</b>	-2,2	-1,8	-6,9	-10,1	-6,7	-7,2
<b>INACTIVIDADE</b>						
<b>2019 IIT</b>	46,9	89,6	57,1	19,3	12,3	39,3
<b>2020 II T</b>	49,0	92,1	62,0	25,9	17,5	44,9

<b>DIFERENZA</b>	2,1	2,6	4,9	6,6	5,3	5,6
------------------	-----	-----	-----	-----	-----	-----

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. I.G.E.- Instituto Galego de Estatística

IIT2020	Total	Distribución %	Diferenza ano anterior	Menores de 35 anos	Distribución %	Diferenza ano anterior
<b>Total</b>	1.050.400	100,0	-4,4	199.800	100,0	-14,7
<b>Agricultura, ganadería, caza e silvicultura</b>	47.700	4,5	-8,8	6.800	3,4	-21,8
<b>Pesca e acuicultura</b>	18.700	1,8	26,4	2.500	1,3	0,0
<b>Industria</b>	183.500	17,5	3,4	41.500	20,8	2,7
<b>Construción</b>	71.900	6,8	7,2	9.500	4,8	-4,0
<b>Servizos</b>	728.600	69,4	-7,4	139.300	69,7	-19,4

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. I.G.E.- Instituto Galego de Estatística

<b>Poboación ocupada por tipo de xornada</b>				
IIT2020	Total	Completa	Parcial	% parcialidade
<b>Total</b>	1.050.400	910.600	139.800	13,3
<b>de 16 a 19 anos</b>	3.700	1.900	1.800	48,6
<b>de 20 a 24 anos</b>	28.200	20.000	8.300	29,4
<b>de 25 a 29 anos</b>	69.900	56.700	13.300	19,0
<b>de 30 a 34 anos</b>	97.900	83.400	14.500	14,8
<b>Menores 35 anos</b>	199.700	162.000	37.900	19,0

IGE-INE. Enquisa de poboación activa



### Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial (España)

	Total idades (miles)	%	Menores de 35 anos (miles)	%
<b>Total</b>	2.486,1	100	792,3	100
Seguir cursos de ensinanza ou formación	177,3	7,1	167,3	21,1
Enfermidade ou incapacidade propia	37,9	1,5	6,1	0,8
Coidado de menores, persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores	286,5	11,5	48,3	6,1
Outras obrigas familiares ou persoais	150,9	6,1	14,6	1,8
Non atopar traballo a xornada completa	1.257,2	50,6	434,7	54,9
Non querer traballo a xornada completa	240,7	9,7	40,3	5,1
Outros motivos	327,4	13,2	77,8	9,8
Non sabe o motivo	8,2	0,3	3,0	0,4

Fonte: INE (non existen datos para Galicia)

### Poboación ocupada por tipo de contrato

Galicia	Indefinido			Temporal		
	II T19	IIT20	Diferenza	II T19	IIT20	Diferenza
<b>Total</b>	642.400	662.000	19.600	233.700	188.000	(45.700)
<b>16 a 34 anos</b>	102.900	102.300	(600)	103.800	76.800	(27.000)

IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Taxa de temporalidade			
Galicia	2019/IIT	2020/IIT	Diferenza
<b>Total</b>	26,7	22,1	-4,6
<b>16 a 34 anos</b>	50,2	42,9	-7,3

IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Persoas asalariadas con contrato ou relación laboral temporal por duración do contrato (España)				
IIT2020	Total idades (miles)	%	Menores de 30 anos (miles)	%
<b>Total</b>	3.470,7	100	1.034,5	100
<b>1 día</b>	9,8	0,28	2,5	0,2
<b>De 2 días a menos de 1 mes</b>	69,0	1,99	16,9	1,6
<b>De 1 a 3 meses</b>	211,3	6,09	76,6	7,4
<b>De 4 a 6 meses</b>	435,7	12,55	168,4	16,3
<b>De 7 a 11 meses</b>	242,5	6,99	85,7	8,3
<b>De 1 a menos de 2 anos</b>	380,8	10,97	125,8	12,2
<b>De 2 a menos de 3 anos</b>	44,1	1,27	17,4	1,7
<b>3 anos ou máis</b>	144,0	4,15	41,2	4,0
<b>Non sabe pero menos de 1 mes</b>	34,4	1	10,9	1,1
<b>Non sabe pero máis de 1 mes</b>	1.756,4	50,6	448,3	43,3
<b>Non sabe a duración</b>	142,7	4,11	41,0	4,0

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE (non existen datos para Galicia)

Ganancia media anual España			
2018	Salario medio anual	Diferenza sobre todas as idades	Brecha
Todas as idades	24.009,12		
Menos de 25 anos	12.417,98	11.590,14	48,27%
De 25 a 34 anos	19.350,14	4.658,98	19,4%

Fonte: Enquisa cuadrienal de estrutura salarial. INE (non existen datos para Galicia)

***NOTA: A VOCEIRA DESTE TEMA É A SECRETARIA DE IGUALDADE, XUVENTUDE E MOVEMENTOS SOCIAIS DE UGT-GALICIA, MÓNICA RODRÍGUEZ. TELÉFONO: 628470657.***